



INFORMACIÓN RELATIVA Á OBRIGA DE RELACIONARSE ELECTRONICAMENTE CO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA (sede.vilagarcia.gal)

Poñémonos en contacto con vostede para lembrarlle que de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo as persoas xurídicas (ou quen as represente), as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para as que se requira colexiación obrigatoria así como os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.

Esta obriga entrará en funcionamento no que respecta ao Concello de Vilagarcía de Arousa o 1 de abril de 2018 (Excepto Xestión Tributaria e sancións de Tráfico)

Dende ese momento, e por imposición legal, non se poderá aceptar no Rexistro municipal presencial, nin tramitar ningunha solicitude efectuada por persoas xurídicas, ou suxeito establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, en formato papel, polo que deberá ser presentada a través do rexistro electrónico do concello.

Do mesmo xeito, as notificacións que se lle dirixan tampouco serán xeradas en papel, debendo vostede acceder ao seu contido a través do apartado “Notificacións electrónicas” dentro de “As miñas xestións”, na sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A estes efectos, e para facilitarlle no posible estes cambios, informámoslle:

1. O enderezo web da sede electrónica municipal é <http://sede.vilagarcia.gal/>
Nela atopará vostede tanto o acceso ao rexistro electrónico municipal como o acceso o apartado “As miñas xestións”. Por esta vía poderá, ademais, consultar o estado de tramitación dalgúns expedientes.
2. Para isto deberá acceder á sede electrónica identificándose a través do correspondente certificado electrónico de persoa xurídica (DNLe, FNMT, Camefirma, Firma Profesional, Registradores, CATCERT, CAGVA, IZENPE, ANF e ACA, etc.).
3. Pode solicitar que lle enviemos a Vde. unha mensaxe de aviso cando se deposite polo Concello algunha notificación telemática no apartado “Notificacións electrónicas”. Para iso deberá facernos chegar o enderezo de correo electrónico no que quere recibir o dito aviso a través do procedemento denominado “Comunicación de dirección de correo electrónico para avisos de notificacións electrónicas emitidas polo Concello de Vilagarcía de Arousa” e que atopará dispoñible na sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal) nos formularios de solicitude (01Modelos Secretaría 08)
Lembrámoslle que este aviso non vincula en ningún caso a esta administración e que se por algún motivo, xa sexa imputable a vostede ou ao Concello, non o recibe, isto non invalida en ningún caso a notificación efectuada.
4. Cando, efectuada a notificación electrónica, vostede non acceda o seu contido no prazo de 10 días naturais, entenderase que a rexeita dándosele por notificado para todos os efectos continuando, ou no seu caso dando por rematado, o procedemento administrativo de que se trate. (No obstante poderá acceder a notificación aínda transcorrido o prazo dos 10 días)
5. Se presenta en papel calquera trámite, solicitude, etc, requiriráselle para que corrixa a través da súa presentación electrónica, considerándose para estes efectos como data de presentación da solicitude, trámite, etc... aquela na que fora realizada a corrección.
6. Para a presentación electrónica de documentos deberá buscar o procedemento concreto no catálogo de procedementos da sede electrónica que permita tramitación on line e no seu defecto empregará o apartado: “formularios de solicitude”
7. De conformidade co artigo 4 da lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso de factura electrónica e creación de rexistro contable de facturas no sector público, “todos os provedores que sexan persoas xurídicas estarán obrigados a expedir e remitir factura electrónica ao Concello, a través de FACE”.

Agradecemos por adiantado a súa colaboración. Se ten algunha dúbida sobre o funcionamento da sede electrónica municipal pode poñerse en contacto cos responsables da mesma no correo electrónico

sede@vilagarcia.gal

Saúdalles

O Alcalde, Alberto Varela Paz